

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 26 de febreiro de 2016

25-701 Explotación do censo de persoas con discapacidade PROXECTO TÉCNICO

1. Introducción

O censo de persoas con discapacidade de Galicia refírese ao conxunto de persoas que teñen recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Neste censo tamén figuran, aínda que en principio non teñan maior relevancia, todas as persoas solicitantes de recoñecemento que foron valorados cunha discapacidade inferior ao 33%.

En consecuencia, este censo serve de instrumento de información e de planificación para elaborar as políticas de intervención na área de discapacidade, ademais de ser a base de datos oficial e de referencia sobre persoas con discapacidade recoñecida na Comunidade Autónoma de Galicia.

Antecedentes normativos:

A partir de 1972, coa promulgación do Decreto 2531/1970, do 22 de agosto e da Orde do 24 de novembro de 1971 pola que se regulan normas en materia de recoñecemento da condición de discapacidade, comezou a xestión da valoración das persoas con discapacidade afectadas dun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

A normativa que actualmente regula o procedemento de valoración da discapacidade é o **Real Decreto 1971/1999**, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento declaración e cualificación do grao de discapacidade (BOE 26-01-2000, corrección de erros BOE de 13-03-2000), modificada polas seguintes:

- Real Decreto 1169/2003, de 12 de setembro, polo que se modifica o anexo I do Real Decreto 1971/1999 (BOE nº 238, do 4 de outubro de 2003).
- Real Decreto 1856/2009, BOE 26-12-2009, polo que se actualiza o termo “minusvalía” polo de “discapacidade”.
- Real Decreto 1364/2012, de 27 de setembro (BOE nº 245, do 11 de outubro de 2012), polo que se derroga o anexo II do RD 1971/1999, en base ao que se determinaba a necesidade de concurso de terceira persoa, ao pasar a determinarse dita situación en base ao baremo empregado na determinación da condición de persoa en situación de dependencia. A este respecto, estimárase acreditada a necesidade de concurso de terceira persoa cando da aplicación do dito baremo (contemplado no *Real Decreto 174/2011, de 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación*



de dependencia establecido pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia) se obteña una puntuación que dea lugar a calquera dos graos de dependencia establecidos.

No ámbito da Comunidade autónoma de Galicia, este regulamento está desenvolvido pola **Orde do 25 de novembro de 2015** pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 236, do 11 de decembro de 2015).

Outra normativa importante que, se ben non afecta directamente á regulación do procedemento de recoñecemento e valoración da discapacidade, si afecta á condición de persoa con discapacidade, é:

- O Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (BOE nº 289, do 3 de decembro de 2013). No seu artigo 4, apartados 1 e 2, define qué se entende por persoas con discapacidade.
- Real Decreto 174/2011, de 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia

O censo de persoas con discapacidade estrutúrase a raíz do convenio de colaboración asinado entre o IMSERSO e a Xunta de Galicia en 1997 . Deste xeito e segundo o antedito convenio, a estrutura utilizada na base de datos relativa ao censo está organizada dun xeito similar que a nivel estatal, de tal xeito que se garanta que os datos de todas as CC.AA. sexan exportables a unha base de datos estatal, xestionada polo IMSERSO, da que se obteñen os datos de referencia sobre as persoas con discapacidade a nivel do Estado.

Neste momento, o **órgano responsable** da súa elaboración é a Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade, dependente da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, da Consellería de Política Social, segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social. (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015).

Os responsables da **recollida da información** son os Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal, dependentes organicamente das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, concretamente as Seccións de Cualificación e Valoración de Discapacidades, en tanto que son as unidades administrativas encargadas da tramitación do procedemento de valoración e recoñecemento da situación de discapacidade.

Na actualidade existen 7 seccións en: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. Os ámbitos territoriais de cada unha delas detállanse no modelo de solicitude que se incorpora no anexo I deste proxecto.

A **xestión, coordinación e a responsabilidade** do referido ficheiro está a cargo da Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade.

A **explotación dos datos** corre a cargo da referida subdirección, se ben fisicamente a realiza a área responsable de Benestar do AMTEGA, xunto coa empresa que actualmente ten contratados os traballos de desenvolvemento e mantemento da aplicación informática que da soporte á tramitación do procedemento e ao censo de persoas con discapacidade de Galicia (CENDIS).

2. Obxectivos

Anualmente, realizarase unha explotación estatística deste censo que proporcionará información estatística referida á meta 2.5.7 *Discapacidade* do Plan Galego de Estatística 2012-2016.

3. Unidades estatísticas

A unidade Estatística elemental é a persoa á que se lle recoñece un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Segundo o **Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro**, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social (BOE nº 289, do 3 de decembro de 2013), no seu **artigo 4.2** establece que a todos os efectos “terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñecera un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade”.

A este respecto, e aos efectos de delimitar o universo que abarca este censo e consecuentemente a explotación que del se obteña, é importante clarexar que só se inclúen as persoas que solicitaron a súa valoración e recoñecemento da discapacidade (no seu caso) en aplicación do baremo e procedemento regulado no RD 1971/1999. Polo tanto nel non se inclúen aquelas persoas que en aplicación do artigo 4.2 do RDL 1/2013 poidan ter a condición de persoa con discapacidade por ter recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez e os pensionistas de clases pasivas que teñan

recoñecida unha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

A orixe dos datos vén dada pola solicitude de recoñecemento de grao de discapacidade, segundo os modelos normalizados do procedemento **BS611A “Recoñecemento do grao de discapacidade”**, que se achegan no anexo I a este documento e que veñen definidos na **Orde do 25 de novembro de 2015** (DOG nº 232, do 4 de decembro de 2015).

Unha persoa pode ter unha ou varias discapacidades. Cando isto é así poderá solicitar unha valoración do seu grao de discapacidade, que é o valor final resultante da suma das puntuacións obtidas da valoración de cada unha das limitacións observadas e valoradas (o dos valores combinados nalgúns casos), así como dos diversos factores sociais. Desta forma obtense un grao de discapacidade global.

Tamén se poden considerar como unidades estatísticas elementais as discapacidades recoñecidas. **Cómpre clarexar** que unha mesma persoa pode ter varios tipos de discapacidade simultaneamente. Isto implica, aos efectos de explotación dos datos do censo, que non vai haber unha coincidencia nos datos cuantitativos resultantes entre, por exemplo, o número total de persoas censadas e o sumatorio resultante do número de persoas con distintos tipos de discapacidade en que os podemos diferenciar, pois unha mesma persoa pode aparecer duplicada por ter dous tipos de discapacidade.

Tal e como xa se comentou, esta estatística céntrase no conxunto de persoas que teñen un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%, aínda que no sistema informático figuran todos os solicitantes que foron valorados, independentemente do % de discapacidade resultante.

4. Variables

No procedemento de valoración da discapacidade dunha persoa recóllense distintas variables que despois terán relevancia na elaboración da estatística, tales como: o grao de discapacidade resultante, a tipoloxía de discapacidade, os códigos de diagnóstico e de deficiencias asociados ás patoloxías asignadas á persoa como resultado da valoración e, a necesidade de axudas de 3ª persoa e a determinación da existencia de problemas de mobilidade.

Para comprender as variables que se propoñen empregar na explotación estatística, cómpre precisar que o resultado do procedemento de valoración da discapacidade dunha persoa se concreta na expedición dun certificado no que se reflicte o resultado da valoración de 3

variables, que son as que definen a “situación de discapacidade” dunha persoa, e que dan acceso a diferentes beneficios e medidas de apoio previstas en distintos ámbitos sectoriais:

- O grao de discapacidade
- As dificultades de mobilidade para a utilización de transportes colectivos.
- A necesidade de axuda de 3ª persoa

Estas variables, xunto con outras que inciden no proxecto estatístico proposto, defínense a continuación. Así mesmo, das variables relacionadas a continuación correspóndense de forma unívoca coa persoa as seguintes:

- 4.1- Grao de discapacidade
- 4.4- Idade e sexo
- 4.5.- Provincia e concello
- 4.6.- Dificultades de mobilidade
- 4.7.- Necesidade de axuda de 3ª persoa
- 4.8.- Persoas en situación de dependencia

E correspóndense coa discapacidade (unha mesma persoa pode ter varias discapacidades e polo tanto varios valores desta variable):

- 4.2- Datos identificativos da discapacidade: diagnóstico, etioloxía e deficiencia
- 4.3- Tipoloxía da discapacidade

4.1.-Grao de discapacidade (resultado da valoración da discapacidade):

A valoración do grao de discapacidade responde a criterios técnicos unificados fixados mediante os baremos do Real Decreto 1971/1999.

Para valorar o grao de discapacidade existen uns baremos e unhas táboas de valores combinados:

O anexo 1A do RD 1971/1999 recolle as pautas para a determinación da discapacidade orixinada por deficiencias permanentes dos distintos órganos, aparatos ou sistemas. Ao final do dito anexo están as táboas de valores combinados que deben empregarse seguindo as indicacións que se especifican en cada un dos capítulos.

Cando se dan varias discapacidades, non se suman os grados de cada baremo, senón que se aplican unhas táboas de valores combinados (publicadas no Real Decreto 1971/1999), sendo o valor final en cada caso a combinación de todos os valores previos.

Así mesmo serán obxecto de valoración os factores sociais complementarios relativos, entre outros, ao seu contorno familiar, situación laboral, educativa e cultural que dificulten a súa integración social. O anexo 1B establece os criterios para avaliar estas circunstancias persoais

e sociais que poden influír sobre a persoa discapacitada en senso negativo, agravando a súa situación.

A porcentaxe mínima do grao de limitación na actividade (resultado da aplicación do baremo 1A) sobre o que se poderá aplicar o baremo de factores sociais complementarios non poderá ser inferior ao 25% (é decir, se se acada un grao de limitación na actividade de 24% non se poden sumar os factores sociais complementarios).

O grao total de discapacidade é a suma do grao das limitacións na actividade global máis a suma dos factores sociais complementarios.

O grao de discapacidade é unha porcentaxe que vai do 0 ao 99%. A efectos da explotación estatística se propoñen as seguintes agrupacións, en función dos requisitos establecidos nas distintas normas sectoriais a partires dos cales se ten acceso a beneficios por mor dunha situación de discapacidade:

- $\geq 33\%$ ao 64% : O 33% é o grao a partires do cal se considera que unha persoa ten a condición de persoa con discapacidade (art. 4.2 do RDL 1/2013), así mesmo o 33% é o grao mínimo que da acceso a beneficios e medidas de apoio en diferentes ámbitos.
- Do 65% ao 74% : O 65% é o grao mínimo que da acceso a outros beneficios e medidas de apoio en diferentes ámbitos.
- $\geq 75\%$: O 75% era a porcentaxe a partires da cal se lle recoñecía a unha persoa a “necesidade de axuda de 3ª persoa”. O recoñecemento desa situación mantén a súa vixencia no caso das persoas recoñecidas en base a normativa anterior (anexo II do RD 1971/199, derogado desde a entrada en vigor do RD 1364/2012, de 27 de setembro, o 12/12/2012). Así mesmo, e o grao mínimo que da acceso a outros beneficios e medidas de apoio en diferentes ámbitos.

4.2.- Datos identificativos da discapacidade:

Para procesar a información resultante das valoracións efectuadas polos técnicos correspondentes (médicos e psicólogos) empréganse as táboas de códigos elaboradas polo IMSERSO, nas que están codificados os diagnósticos, as deficiencias e as etioloxías de cada discapacidade valorada na persoa. A este respecto, entenderase por:

- Diagnóstico: Proceso patolóxico que deu orixe á deficiencia, ben sexa conxénito ou adquirido, e que debeu ser previamente diagnosticado polos organismos competentes.
- Etioloxía: Causa do proceso patolóxico.
- Deficiencia: Alteracións estruturais ou funcionais non recuperables, é dicir, sen posibilidade razoable de restitución ou melloría da estrutura ou función do

órgano/sistema afectado, que limita o desenvolvemento normal das actividades básicas da vida diaria.

Cada unha destas variables está codificada, en base á codificación do IMSERSO.

4.3.- Tipoloxía da discapacidade.

En función da deficiencia, as discapacidades agrúpanse en tipoloxías, dentro de 5 grandes grupos: física, intelectual, mental, sensorial e enfermidades raras. A clasificación está efectuada en base aos códigos de deficiencias do IMSERSO que actualmente se están empregando. No **anexo II** indicase a táboa de equivalencias entre os códigos de deficiencias e as categorías que se detallan a continuación.

Física

- Sistema osteoarticular
- Sistema nervioso e muscular
- Aparato respiratorio
- Aparato circulatorio
- Aparato dixestivo
- Aparato xénito-urinario
- Sistema endocrino-metabólico
- Sangue
- Dermatolóxico
- Mecanismo inmunolóxico
- Transplantado
- Outros trastornos

Intelectual

- Discapacidade psíquica Límite
- Discapacidade psíquica Lixeira
- Discapacidade psíquica Media
- Discapacidade psíquica Severa
- Discapacidade psíquica Profunda
- Trastornos do desenvolvemento

Mental

- Enfermidade mental

Sensorial

- Auditivos
- Linguaxe

- Visuais
- Visual e auditivo

Enfermidades raras

- Enfermidades raras

NOTA 1: Diferenzas con respecto ao proxecto estatístico anterior.

As categorías de “Intelectual” e “Mental” estaban incluídas nunha única tipoloxía denominada “Psíquicas”. A nova categoría “Visual e auditivo” estaba incluída como “Outros trastornos” na Sensorial. A nova categoría “Enfermidades raras” estaba incluída como “Outros trastornos” na Física.

NOTA 2: A categorización das discapacidades nas diferentes categorías expostas vese condicionada pola clasificación actualmente empregada (táboas de códigos do IMSERSO) para as deficiencias

4.4.- Idade e sexo da persoa

Recóllese a data de nacemento da persoa solicitante. A idade en anos cumpridos calculase no momento de facer a estatística e agrúpase en categorías.

Cando se dá o número de persoas con discapacidade recoñecida, facilítanse agrupados por idade e sexo nos seguintes tramos de idade: (≤ 6 anos, 7-15 anos, 16-29 anos, 30-49 anos, 50-64 anos, 65-74 anos, ≥ 75 anos, e unha última categoría de “non consta”).

Estas categorías foron deseñadas desde a Subdirección Xeral de Dependencia e Valoración da Discapacidade, en función das necesidades observadas, por exemplo:

≤ 6 anos: estes datos son tamén solicitados polos servizos de Atención Temperá;

7-15 anos: período de escolarización dos/as nenos/as;

≥ 16 anos: comezo da idade laboral e da incorporación a centros especificamente orientados á promoción da autonomía persoal e ao desenvolvemento profesional e integración laboral de persoas con discapacidade;

64 anos: fin da idade laboral, acceso a residencias da terceira idade, etc);

≥ 75 anos: Poboación envellecida cun maior impacto nos sistemas de atención tanto sanitarios como do Sistema de Atención á Dependencia; aínda que poden recollese outros grupos poboacionais segundo a demanda que se precise.

4.5.- Provincia e concello:

Recóllese a partires dos datos de residencia da persoa solicitante, aportados coa solicitude.

4.6.- Dificultades de mobilidade (Resultado da valoración da discapacidade)

A relación esixida entre o grao de discapacidade e a determinación da existencia de dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos fíxase por aplicación do baremo previsto no anexo II do RD 1971/1999. Considerarase a existencia de tal dificultade cando a persoa valorada se atope incluída nalgunha das situacións descritas nos apartados A, B ou C do citado baremo ou, cando non estándoo, obteña un mínimo de 7 puntos por atoparse nalgunha das situacións recollidas nos restantes apartados do baremo.

Polo tanto, a variable que pode resultar de interese na explotación estatística é o **nº de persoas con dificultades de mobilidade para a utilización de transportes colectivos.**

4.7.- Necesidade de axuda de 3ª persoa (Resultado da valoración da discapacidade, derivada da valoración de dependencia)

Dependencia doutras persoas para realizar as actividades máis esenciais da vida diaria (AVD). Enténdese por actividades da vida diaria aquelas que son comúns a todos os cidadáns.

Na actualidade, esta situación recoñécese en aplicación do baremo previsto, tal como se comentou no apartado 1 deste documento, no Real Decreto 174/2011, de 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. Polo tanto, calquera persoa á que se lle recoñeza unha situación de dependencia en calquera dos seus graos se lle recoñecerá, no certificado de discapacidade, a **necesidade de axuda de 3ª persoa.**

Polo tanto, a variable que pode resultar de interese na explotación estatística é o nº de persoas con **necesidade de axuda de 3ª persoa recoñecida.**

A acreditación desta situación dá acceso a unha serie de complementos establecidos no sistema de pensións da Seguridade Social e no ámbito tributario.

4.8.- Persoas en situación de dependencia.

En relación co exposto anteriormente, inda que a “situación de discapacidade” é unha situación distinta á “situación de dependencia”, xa que están valoradas por distintos baremos recollidos en distintas normas, por distintos órganos de valoración, e son situacións que dan acceso a distintas prestacións ou beneficios, si é certo que hai unha certa relación en tanto que ambas conflúen nunha necesidade de atención ou de medidas de apoio. Polo tanto, pode resultar interesante relacionar ambas variables na explotación estatística, o que tamén axudará a evitar a confusións que a veces se produce no cidadán e nos profesionais tanto do ámbito sanitario



coma de servizos sociais entre ámbalas dúas situacións, incorporando a variable: **nº de persoas con discapacidade recoñecida en situación de dependencia.**

Para a obtención desta variable faise preciso o cruce entre a base de datos CENDIS (Censo de persoas con discapacidade) e o SIGAD (Sistema de Información Galego de Atención á Dependencia). O cruce se efectuaría sobre a base de datos das persoas que teñen un grao de discapacidade recoñecido $\geq 33\%$, identificando sobre aquela as persoas que teñen resolución de recoñecemento da situación de dependencia.

A situación de dependencia se tipifica, en función da severidade das limitacións para o desenvolvemento das AVD, en grao I, II ou III.

5. Procesamento dos datos

5.1.- Procedemento de recoñecemento e cualificación do grao de discapacidade

As solicitudes de recoñecemento de grao de discapacidade (Ver anexo I) son o formulario base para a recollida de información, aos efectos de esta explotación estatística. Esta é cuberta pola persoa interesada, ben directamente ou a través de representante legal.

Presentarase preferiblemente por vía electrónica a través do formulario electrónico normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel, no rexistro do concello ao que correspondan os servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante, ou nas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de servizos sociais (actualmente a Consellería de Política Social), nas oficinas de correos, nos rexistros previstos no artigo 38 punto 4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, ou nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Cando a solicitude se presenta noutra provincia distinta ao domicilio da persoa solicitante remítese á sección de Cualificación e Valoración de Discapacidades competente en función do concello de residencia da persoa solicitante.

As unidades administrativas encargadas de recibir e procesar a solicitude, e instruír o procedemento ata a fase de proposta (emisión do ditame técnico- facultativo), son as seccións de Cualificación e Valoración de Discapacidades, e o competente para a súa resolución é o xefe/a territorial.

A partir da presentación da solicitude o procedemento é o seguinte:

- Introducción da solicitude no sistema informático (aplicación CENDIS) polo persoal administrativo, comprobarase se a solicitude contén toda a documentación necesaria, en caso contrario, requirirase por escrito ao interesado/a para que a aporte no prazo máximo de 10 días.
- Ordenación das solicitudes recibidas en función de criterios de prioridade, de data de entrada e de tipoloxía da discapacidade alegada
- Cita para a valoración por parte dos Equipos de Valoración y Orientación (EVO) (formados por un traballador social, un médico, un psicólogo). En cada Sección de Cualificación e Valoración de discapacidades hai varios EVO's. A citación á persoa interesada faise actualmente a través do servizo de atención telefónica da Xunta de Galicia 012, que é o que comunica á persoa solicitante o día, hora e lugar do recoñecemento.
- O recoñecemento da persoa solicitante efectúase nas dependencias da sección correspondente, e é efectuado por diferentes profesionais en función da tipoloxía/s de/as discapacidade/s alegada/s (médico, psicólogo e, caso de que concorran factores sociais, traballador social).
- Xuntas de valoración: cada profesional integrante dos EVO emite unha valoración de discapacidade cunha porcentaxe. Posteriormente, os profesionais integrantes de cada EVO reúnen en xunta de valoración para poñer en común as valoracións efectuadas e determinar a valoración final que se asigna a cada caso (débase ter en conta que na valoración final concorren as valoracións de varios profesionais). O equipo de valoración emite un ditame técnico- facultativo e, con base neste, procédese á resolución polo xefe/a territorial da Consellería competente en materia de servizos sociais, na que se concreta o grao de discapacidade acadado, que pode ser:
 - Definitivo
 - Provisional: neste caso consta o prazo de caducidade, a partir do cal, poderase instar a revisión.

Así mesmo, no caso de que o interesado/a tamén o solicitara, resolverase sobre se a persoa ten “dificultades de mobilidade para a utilización de transportes colectivos” e se ten “necesidade de axuda de 3ª persoa”. Estas situacións tamén poden ser definitivas ou provisionais.

A resolución e polo tanto, a situación de discapacidade recoñecida, terá efectos retroactivos desde o momento no que se fixo a solicitude (art. 10.2 do RD 1971/1999)

Pódese instar a revisión do grao, sempre e cando transcorra un prazo mínimo de dous anos contados dende a data na que se resolveu, agás que se produciran cambios substanciais nas circunstancias ou erro de diagnóstico. Nestes casos non será preciso esgotar o prazo mínimo de dous anos.

5.2.- Estrutura da aplicación da base de datos

A recollida da información faise a través dunha aplicación informática que consta de varias pantallas¹. O contido da información que figura nas pantallas detállase no **anexo III**, no que se visualiza cada unha delas. Entre estes datos figuran:

- De identificación: datos do solicitante: Nome, DNI, código de identificación, data de nacemento, enderezo.
- Baremo de diagnóstico: código de identificación, diagnóstico (texto libre a cubrir polo técnico que efectúa a valoración) e codificación das discapacidades (código numérico de deficiencia, diagnóstico e etiología).
- Resultado da valoración: código de identificación, data de resolución, grao e tipo de discapacidade (porcentaxe e desagregación de factores sociais), carácter definitivo ou provisional, dificultades de mobilidade (no seu caso) e necesidade de axuda de 3ª persoa (no seu caso).

Os diferentes campos vanse cubrindo a medida que vai avanzando o proceso. Remata cando se produce a resolución expresa sobre o recoñecemento de grao.

A base de datos renóvase constantemente coa incorporación de novas solicitudes. Os datos son invariables excepto para aquelas persoas que solicitan unha revisión, ou naqueles casos en que se efectúan revisións de oficio.

As altas considéranse como unha nova petición e as baixas danse en caso de traslado de domicilio a outra Comunidade Autónoma ou morte. Ata o 2008 a depuración de falecidos era manual e as baixas se daban en función de se alguén o comunicaba. Posteriormente, o Imserso (cos datos de identidade das persoas) en colaboración coa Dirección General de Registro y del Notariado do Ministerio de Justicia (co ficheiro histórico de persoas falecidas) contrastou os datos facilitados por cada Comunidade Autónoma e establece un sistema que permite eliminar os rexistros de persoas falecidas (ata agora só se fixo nese ano). Anualmente facilítase unha copia do rexistro ao IMSERSO e este efectúa o cruce co rexistro de persoas falecidas, devolvendo a cada Comunidade Autónoma o resultado do cruce para efectuar a correspondente depuración.

Actualmente, este proceso de depuración de persoas falecidas o efectúa o AMTEGA, para o que efectúa trimestralmente un cruce co INE.

¹ Xúntase visualización de cada unha das pantallas. De cada pantalla so se relacionan os campos principais

As Seccións de Cualificación e Valoración de Discapacidade introducen a información nunha aplicación informática denominada “censo de persoas con discapacidade- CENDIS”. Os datos radican nun servidor do AMTEGA e teñen acceso a eles tanto as unidades tramitadoras das xefaturas territoriais como os Servizos Centrais. Así tamén, dáse acceso a estes datos a outros departamentos da Administración que o solicitan; en función dos datos aos que se precisa acceder hai configurados ata agora 4 perfís de acceso: perfil normal, perfil normal Traballo, perfil normal Prestacións, e perfil ampliado. Así mesmo, a consulta sobre a situación de discapacidade dunha persoa figura como un dos servizos de consulta a través do sistema de interoperabilidade Pasaxe.

No **anexo IV** se recolle o informe de datos da “situación de discapacidade” que se pode obter da aplicación informática no perfil ampliado.

6 Deseño da explotación dos datos do rexistro

A publicación dos datos é anual. A data de referencia da información é o 31 de decembro do ano anterior ao que se vai publicar, é dicir, a comezos dun ano difundirase a explotación do ano anterior que reflectirá a situación do censo a 31 de decembro. Estes datos publícanse na páxina web da Consellería de Política Social e na memoria do ano correspondente, e se comunican para a súa difusión ao Instituto Galego de Estatística (IGE).

A modo ilustrativo, achéganse os datos de explotación correspondentes ao ano 2014. Sobre este deseño de explotación, engadimos as novas variables que se propoñen incluír na explotación, sobre as que aínda non se achegan datos cuantitativos.



A explotación consta de 3 grupos de táboas:

6.1.- TABOAS DE DATOS XERAIS DO CENSO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

1. Distribución provincial e por sexo da poboación valorada e de poboación con discapacidade.

Provincia	Poboación valorada ⁽¹⁾			Poboación con discapacidade ⁽²⁾		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña						
Lugo						
Ourense						
Pontevedra						
TOTAL						

⁽¹⁾ N° de persoas que foron valoradas.

⁽²⁾ N° de persoas cun grao de discapacidade $\geq 33\%$

2. Distribución por grupos de idade e sexo da poboación con discapacidade

Idades	Poboación con discapacidade		
	Homes	Mulleres	Total
≤ 6 anos			
De 7 a 15 anos			
De 16 a 29 anos			
De 30 a 49 anos			
De 50 a 64 anos			
De 65 a 74 anos			
≥ 75 anos			
TOTAL			

3. Número de persoas diagnosticadas en cada tipo de discapacidade

Tipo discapacidade	Homes	Mulleres	Total
Física			
Intelectual			
Mental			
Sensorial			
Enfermidades raras			

4. Número de persoas diagnosticadas en cada tipoloxía da discapacidade física

Tipoloxías de discapacidade física	Homes	Mulleres	Total
Sistema osteoarticular			
Sistema nervioso e muscular			
Aparato respiratorio			
Aparato circulatorio			
Aparato dixestivo			



Aparato xenitourinario			
Sistema endocrino-metabólico			
Sangue			
Dermatolóxica			
Mecanismo inmunolóxico			
Transplantado			
Outros trastornos			

5. Número de persoas diagnosticadas en cada tipoloxía de discapacidade intelectual

	Homes	Mulleres	Total
Límite			
Lixeira			
Media			
Severa			
Profunda			
Trastornos do desenvolvemento			

6. Número de persoas diagnosticadas en cada tipoloxía de discapacidade sensorial

	Homes	Mulleres	Total
Auditiva			
Da linguaxe			
Visual			
Visual e auditiva			

Nota aclaratoria:

Nos cadros 1 e 2 o que se cuantifican son **persoas físicas**. No cadro 3 e seguintes cuantifícanse persoas por **tipos de discapacidade que teñen**, de tal forma que si unha persoa ten recoñecidas dúas discapacidades de diferentes tipoloxías, na estatística vaise contar esa mesma persoa nas dúas categorías correspondentes.

7. Distribución da poboación con discapacidade que ten recoñecida dificultades de mobilidade para a utilización de transportes colectivos

Idades	Poboación con dificultades de mobilidade recoñecida				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
≤ 6 anos					
De 7 a 15 anos					
De 16 a 29 anos					
De 30 a 49 anos					
De 50 a 64 anos					
De 65 a 74 anos					
≥ 75 anos					
TOTAL					



8. Distribución da poboación con discapacidade que ten recoñecida necesidade de axuda de 3ª persoa

Idades	Poboación con necesidade de axuda de 3ª persoa				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
≤ 6 anos					
De 7 a 15 anos					
De 16 a 29 anos					
De 30 a 49 anos					
De 50 a 64 anos					
De 65 a 74 anos					
≥ 75 anos					
TOTAL					

9. Distribución da poboación con discapacidade que ten recoñecida a situación de dependencia

Idades	Poboación en situación de dependencia			Total
	Grao I	Grao II	Grao III	
≤ 6 anos				
De 7 a 15 anos				
De 16 a 29 anos				
De 30 a 49 anos				
De 50 a 64 anos				
De 65 a 74 anos				
≥ 75 anos				
TOTAL				

6.2.- TABOAS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA, INTELECTUAL, MENTAL, SENSORIAL E ENFERMIDADES RARAS distribuídas por grupo de idade, grao, sexo e provincia

1. Distribución das persoas con algunha discapacidade recoñecida por grupo de idade, sexo e grao

Idade	Grao discapacidade	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
		home	muller	home	muller	home	muller	home	muller
≤6	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
7 a 15 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
16 a 29 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
30 a 49 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
50 a 64 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
65 a 74 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								

≥75 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
TOTAL									

2. Distribución das persoas con algunha discapacidade física por grupo de idade, sexo e grao de discapacidade

Idade	Grao discapacidade	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
		home	muller	home	muller	home	muller	home	muller
≤6	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
7 a 15 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
16 a 29 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
30 a 49 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
50 a 64 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
65 a 74	do 33% ó 64%								



anos	do 65% o 74%								
	75% e máis								
≥75 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
TOTAL									

3 Distribución das persoas con algunha discapacidade intelectual por grupo de idade, sexo e grao de discapacidade

Idade	Grao discapacidade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		home	muller	home	muller	home	muller	home	muller
≤6	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
7 a 15 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
16 a 29 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
30 a 49 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
50 a 64 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								



	75% e máis								
65 a 74 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
≥75 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
TOTAL									

4 Distribución das persoas con algunha discapacidade sensorial por grupo de idade, sexo e grao de discapacidade

Idade	Grao discapacidade	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA	
		home	muller	home	muller	home	muller	home	muller
≤6	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
7 a 15 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
16 a 29 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
30 a 49 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								



50 a 64 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
65 a 74 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
≥75 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
TOTAL									

5 Distribución das persoas con algunha enfermidade rara por grupo de idade, sexo e grao de discapacidade

Idade	Grao discapacidade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		home	muller	home	muller	home	muller	home	muller
≤6	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
7 a 15 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
16 a 29 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
30 a 49	do 33% ó 64%								



anos	do 65% o 74%								
	75% e máis								
50 a 64 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
65 a 74 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
≥75 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
TOTAL									

6 Distribución das persoas con algunha discapacidade por enfermidade mental por grupo de idade, sexo e grao de discapacidade

Idade	Grao discapacidade	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
		home	muller	home	muller	home	muller	home	muller
≤6	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
7 a 15 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
16 a 29 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								



	75% e máis								
30 a 49 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
50 a 64 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
65 a 74 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
≥75 anos	do 33% ó 64%								
	do 65% o 74%								
	75% e máis								
TOTAL									

.3.- TABOAS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE POR CONCELLOS

1. Persoas con algunha discapacidade recoñecida (cun grao de discapacidade ≥ 33%) por sexo e concello

		Total	Homes	Mulleres
Código Concello	Concello			

2. Persoas con algunha discapacidade recoñecida por tipoloxía de discapacidade, sexo e concello

	Física			Intelectual			Sensorial			Enfermidade Mental			Enfermidades raras		
	Total	Home s	Mullere s	Total	Home s	Mullere s	Total	Home s	Mullere s	Total	Home s	Mullere s	Total	Home s	Mullere s
Código Concello															
concello															

Nota aclaratoria:

No cadros 1 o que se cuantifican son **persoas físicas**. No cadro 2 cuantifícanse persoas por **tipos de discapacidade que teñen**, de tal forma que si unha persoa ten recoñecidas dúas discapacidades de diferentes tipoloxías, na estatística vaise contar esa mesma persoa nas dúas tipoloxías correspondentes.

Santiago de Compostela, a 4 de febreiro de 2016

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Coro Piñeiro Vázquez



ANEXO I: Modelos de solicitude

Acompáñanse a este proxecto en arquivos diferenciados os Anexos I ao IV e o anexo V da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG nº 236, do 11/12/2015).

ANEXO II: Táboa de equivalencias de tipoloxías de discapacidade a empregar na explotación estatística cos códigos de deficiencias do IMSERSO

CODIGOS DE DEFICIENCIAS (CUATRO DÍGITOS)		EQUIVALENCIAS TIPOLOXÍA DISCAPACIDADE
1. ALTERACIONES MOTORICAS		
SISTEMA OSTEOARTICULAR		Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1101	ALTERACION ALIN. C.VERT. SIN LIMIT. FUNC	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1102	ALTERACION ALIN. C.VERT. CON LIMIT. FUNC	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1103	LIMITACION FUNCIONAL DE COLUMNA	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1104	AUSENCIA DE DEDOS O FALANGES	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1105	AUSENCIA DE MSD O SUS PARTES ESENCIALES	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1106	AUSENCIA DE MSI O SUS PARTES ESENCIALES	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1107	AUSENCIA DE MMII O SUS PARTES ESENCIALES	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1108	LIMITACION FUNCIONAL DE LA MANO DERECHA	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1109	LIMITACION FUNCIONAL DE MANO IZQUIERDA	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1110	LIMITACION FUNCIONAL BIMANUAL	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1111	LIMITACION FUNCIONAL EN M.S.D.	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1112	LIMITACION FUNCIONAL EN M.S.I.	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1113	LIMITACION FUNCIONAL EN AMBOS MM.SS.	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1114	LIMITACION FUNCIONAL EN UN PIE	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1115	LIMITACION FUNCIONAL BIPODAL	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1116	LIMITACION FUNCIONAL EN MIEMBRO INFERIOR	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1117	LIMITACION FUNCIONAL EN AMBOS MM.II.	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1118	LIMITACION FUNCIONAL EN UN M.S. Y UN M.I	Discapacidade física. Sistema osteoarticular



1119	LIMITACION FUNCIONAL AMBOS MM.SS Y UN MI	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1120	LIMITACION FUNCIONAL AMBOS MM.II Y UN MS	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1121	LIMITACION FUNCIONAL EN 4 EXTREMIDADES	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1122	LIMITACION FUNCIONAL EXTREMIDADES Y C.V.	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1123	TALLA BAJA	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1124	ANOMALIA MORFO-TORACICA	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
1125	DISCAPACIDAD DEL SISTEMA OSTEOARTICULAR	Discapacidade física. Sistema osteoarticular
SISTEMA NERVIOSO Y MUSCULAR		Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1201	PARALISIS DE NERVIIO PERIFERICO	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1202	PAREZIA DE NERVIIO PERIFERICO	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1203	PARALISIS DE PAR CRANEAL	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1204	PAREZIA DE PAR CRANEAL	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1205	MONOPLEJIA M.S.D.	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1206	MONOPAREZIA M.S.D.	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1207	MONOPLEJIA M.S.I.	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1208	MONOPAREZIA M.S.I.	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1209	MONOPLEJIA DE UN MIEMBRO INFERIOR	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1210	MONOPAREZIA DE UN MIEMBRO INFERIOR	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1211	DIPAREZIA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1212	DIPLEJIA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1213	PARAPLEJIA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1214	PARAPAREZIA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1215	HEMIPLEJIA DERECHA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1216	HEMIPLEJIA IZQUIERDA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1217	HEMIPAREZIA DERECHA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1218	HEMIPAREZIA IZQUIERDA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1219	TETRAPLEJIA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1220	TETRAPAREZIA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1221	CRISIS CONVULSIVAS GENERALIZADAS	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular



1222	CRISIS NO CONVULSIVAS GENERALIZADAS	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1223	CRISIS PARCIAL	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1224	TRASTORNO DE LA COORDINACION	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1225	TRASTORNO DEL EQUILIBRIO	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1226	TRASTORNO DE COORDINACION Y EQUILIBRIO	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1227	TRASTORNO VASOMOTOR	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1228	DISFUNCION NERUROVEGETATIVA	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
1229	DISCAPACIDAD DEL SISTEMA NEUROMUSCULAR	Discapacidade física. Sistema nervioso e muscular
2. TRASTORNOS MENTALES		
2100	RETRASO MENTAL PROFUNDO	Intelectual. Discapacidade psíquica profunda
2101	RETRASO MENTAL SEVERO	Intelectual. Discapacidade psíquica severa
2102	RETRASO MENTAL MODERADO	Intelectual. Discapacidade psíquica media
2103	RETRASO MENTAL LIGERO	Intelectual. Discapacidade psíquica lixeira
2104	INTELIGENCIA LIMITE	Intelectual. Discapacidade Psíquica límite
2105	RETRASO MADURATIVO	Intelectual. Trastornos do desenvolvemento
2106	TRASTORNO DEL DESARROLLO	Intelectual. Trastornos do desenvolvemento
2107	TRASTORNO COGNITIVO	Discapacidade mental. Enfermidade mental
2108	TRASTORNO DE LA AFECTIVIDAD	Discapacidade mental. Enfermidade mental
2109	ALTERACION DE LA CONDUCTA	Discapacidade mental. Enfermidade mental
2300	TRASTORNO MENTAL	Discapacidade mental. Enfermidade mental
3. ALTERACIONES SENSORIALES		
SISTEMA VISUAL		Discapacidade sensorial. Visual
3101	PERDIDA DE AGUDEZA VISUAL BINOCULAR LEVE	Discapacidade sensorial. Visual
3102	PERDIDA AGUDEZA VISUAL BINOCULAR MODERAD	Discapacidade sensorial. Visual
3103	PERDIDA AGUDEZA VISUAL BINOCULAR SEVERA	Discapacidade sensorial. Visual
3104	PERDIDA AGUDEZA VISUAL BINOCULAR GRAVE	Discapacidade sensorial. Visual
3105	CEGUERA	Discapacidade sensorial. Visual
3106	PERDIDA VISION EN UN OJO	Discapacidade sensorial. Visual
3107	DISMINUCION DE EFICIENCIA VISUAL (OTRAS)	Discapacidade sensorial. Visual
SISTEMA AUDITIVO		Discapacidade sensorial. Auditiva



3201	HIPOACUSIA LEVE	Discapacidade sensorial. Auditiva
3202	HIPOACUSIA MEDIA	Discapacidade sensorial. Auditiva
3203	HIPOACUSIA SEVERA	Discapacidade sensorial. Auditiva
3204	HIPOACUSIA PROFUNDA	Discapacidade sensorial. Auditiva
3205	SORDERA	Discapacidade sensorial. Auditiva
3206	SORDOMUDEZ	Discapacidade sensorial. Auditiva
3207	PERDIDA TOTAL DE LA AUDICION EN UN OIDO	Discapacidade sensorial. Auditiva
3208	ACUFENOS	Discapacidade sensorial. Auditiva
3209	DEFICIENCIA DEL SISTEMA AUDITIVO (OTRAS)	Discapacidade sensorial. Auditiva
SISTEMA VISUAL Y AUDITIVO		Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3300	SORDOCEGUERA	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3301	DEFICIT VISUAL GRAVE CON HIPOACUSIA MEDIA Y DEFICIT GRAVE EN GRUPO 1 DE COMUNICACIÓN	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3302	DEFICIT VISUAL SEVERO CON HIPOACUSIA PROFUNDA Y DEFICIT GRAVE EN GRUPO 1 DE COMUNICACIÓN	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3303	DEFICIT VISUAL GRAVE CON HIPOACUSIA MEDIA Y DEFICIT GRAVE EN GRUPO 2 DE COMUNICACIÓN	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3304	DEFICIT VISUAL SEVERO CON HIPOACUSIA PROFUNDA Y DEFICIT GRAVE EN GRUPO 2 DE COMUNICACIÓN	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3305	DEFICIT VISUAL GRAVE CON HIPOACUSIA MEDIA Y DEFICIT GRAVE EN GRUPO 3 DE COMUNICACIÓN	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3306	DEFICIT VISUAL SEVERO CON HIPOACUSIA PROFUNDA Y DEFICIT GRAVE EN GRUPO 3 DE COMUNICACIÓN	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
3307	SORDOCEGUERA CONGENITA	Discapacidade sensorial. Visual e auditivo
4. EXPRESIVAS		Discapacidade sensorial. Linguaxe
4101	AFASIA	Discapacidade sensorial. Linguaxe
4102	DISARTRIA	Discapacidade sensorial. Linguaxe
4103	DISFEMIA	Discapacidade sensorial. Linguaxe
4104	DISFONIA	Discapacidade sensorial. Linguaxe
4105	MUDEZ	Discapacidade sensorial. Linguaxe
4106	LARINGUECTOMIA	Discapacidade sensorial. Linguaxe



4107	DEFICIENCIA EXPRESIVA (OTRAS)	Discapacidade sensorial. Linguaxe
5. MIXTAS		
5200	SINDROME POLIMALFORMATIVO	Discapacidade física. Outros trastornos
6. ENFERMEDADES CRÓNICAS		
6001	ENFERMEDAD DE APARATO RESPIRATORIO	Discapacidade física. Aparato respiratorio
6002	ENFERMEDAD DE APARATO CIRCULATORIO	Discapacidade física. Aparato circulatorio
6003	ENFERMEDAD DE APARATO DIGESTIVO	Discapacidade física. Aparato dixestivo
6004	ENFERM. DEL SISTEMA ENDOCRINO-METABOLICO	Discapacidade física. Sistema endocrino-metabólico
6005	ENFERM. DE SANGRE Y ORGANOS HEMATOPOYET.	Discapacidade física. Sangue
6006	ENFERMEDAD DEL APARATO GENITO-URINARIO	Discapacidade física. Aparato xenitourinario
6007	ENFERMEDAD DERMATOLOGICA	Discapacidade física. Dermatolóxica
6008	TRASTORNO DEL MECANISMO INMUNOLOGICO	Discapacidade física. Mecanismo inmunolóxico
6009	TRASPLANTADO	Discapacidade física. Trasplantado
6010	ESTADO TERMINAL	Discapacidade física. Outros trastornos
6011	ENFERMEDAD CRONICA (OTRAS)	Discapacidade física Outros trastornos
6012	ENFERMEDADES RARAS	Enfermidades raras
7000	DEFICIENCIA NO CONOCIDA	Enfermidades raras
8000	SIN DISCAPACIDAD	xxxxx
8001	DISCAPACIDAD MULTIPLE	Discapacidade física. Outros trastornos
8002	PERDIDA QUIRURGICA TOTAL DE UN ORGANO	Discapacidade física. Outros trastornos
8003	PERDIDA QUIRURGICA PARCIAL DE UN ORGANO	Discapacidade física. Outros trastornos
9000	PROCESO EN FASE AGUDA NO VALORABLE	xxxxx

